

“Da escrita à exhibición da obra em Portugal e na Galiza”, en Lisboa, con Carlos Labraña



Carlos Labraña visitará Lisboa nun acto organizado polo Centro Estudos Galegos da Universidade Nova Lisboa. Na súa estadía en Portugal Carlos Labraña participará nun coloquio con formato de conversa aberta co título *Da escrita à exhibición da obra em Portugal e na Galiza*. Será este sábado 28 de setembro, ás 19:00, na Fábrica Braço da Prata, con entrada libre.

Nesta xornada estarán presentes catro representantes dos diferentes eidos involucrados na creación dunha obra teatral: a escritura, a produción, a edición e a posta en escena. Canda Carlos Labraña estarán os portugueses Ana Enes (Lua Cheia – Teatro para todos), Vicente Morais e João Batista.

Esta actividade Xorde da colaboración da AELG e o Centro de Estudos Galegos de Lisboa.

Carlos Labraña é un autor ben coñecido polo seu teatro familiar, con títulos como *O teatro dos sonhos*, *Os sons da buguina* (II Premio Meira Moiga de Literatura infanto-xuvenil no 2006), *A pequena compañía* (VIII Premio Estornela de teatro para nenos, 2014) ou *Moito morro corporation*, *Sociedade Ilimitada* (Premio á mellor obra de teatro da Gala do Libro Galego no 2017).